

Nomes galegos das aves do xénero "Streptopelia" e "Columba"

Como continuación de traballos precedentes encol da nomenclatura das aves silvestres galegas estudiamos neste as aves do orden columbiformes e da familia colúmbidas representadas na Galicia por cinco especies divididas en dous xéneros: o *Streptopelia* e o *Columba*.

Antes queremos recordar unha vez máis que cando facemos alusión a *informantes* ou *datos* non queremos dicir "individuo" soio, senón que tanto pode referirse a ún como a un "grupo" deles. Tamén queremos facer constar que dada a grande cantidade de datos novos recollidos foinos necesario trocar a numeración dos puntos correspondentes ás localidades dadas en traballos precedentes pra poder dar cabida ós novos; co que quedou do seguinte xeito: corresponden á provincia da Cruña os puntos 1 a 199, á de Lugo os puntos 200 a 399, á de Ourense os puntos 400 a 599 e á de Pontevedra os puntos 600 a 799.

1. Xénero STREPTOPELIA

Existen en Galicia dúas especies deste xénero: a *Streptopelia decaocto* e a *Streptopelia turtur*.

A *Streptopelia decaocto* é unha ave en plena expansión por toda Europa Occidental procedente de Turquía e do Oriente Próximo que se pode ver na nosa terra, anque en contadas ocasións, de un tempo a esta parte, polo cal a nivel popular aínda non existe un nome específico pra ela.


A *Streptopelia turtur* é xa de antigo sumamente conocida a tódolos niveis en Galicia por estar amplamente espallada polas súas terras.

Existen dúas palabras, ambas onomatopéyicas, pra denominar a esta ave, son: RULA e ROLA. Como pode verse a variación refírese sóio ó troque dos fonemas /u/ e /o/. Hai dúas formas máis que non teñen nada que ver ca devandita familia, son: PARRULA e TÓRTORE.

A identificación desta ave non ofrecéu ningunha dificultade dado que é moi familiar ós nosos informantes.

VARIANTES E DISTRIBUCIÓN

RULA: Esta é a denominación máis estendida, abarca a totalidade da provincia da Cruña, norte e oeste da de Lugo, noroeste da de Ourense e norte e centro da de Pontevedra.



Streptopelia turtur, vaurie

SIMBOLOS

- Rula** ○
- Rola** ○
- Parrula** +

Aparece documentado por González nos puntos 1, 2, 11, 17, 33, 58, 70, 102, 201, 206, 214, 601, 603 e por Ríos, García, P. Sarmiento, Valladares, Carré, Franco e Irmandades (s. v. tórtola) que a identifican coa castelán "tórtola" (*Streptopelia turtur*). No resto dos datos tomados de viva voz por nós, nalgúns casos co animal presente, foi sempre identificada como *Streptopelia turtur*. No punto 404 coesiste ca forma PARRULA.

ROLA: Distribúese este nome polo suleste da provincia de Lugo, por case toda a provincia de Ourense menos polo noroeste e ten ramificacións na provincia de Pontevedra onde non temos un mostreo completo.

Documentan este nome que identifican co castelán "tórtola" (*Streptopelia turtur*) González nos puntos 211, 213, 222, 407, 415, 421, 432, 434, 435, 618, 620, García, P. Sarmiento, Carré e Franco. Nos nosos datos aparece identificada sempre como *Streptopelia turtur*.

PARRULA: Un único dato no punto 404 onde coesiste con ROLA.

TÓRTORE: Aparece documentado por Afonso X na cantiga 417 das "Cantigas de Santa María".

2. Xénero COLUMBA

Existen en Galicia tres especies silvestres deste xénero: a *Columba palumbus*, a *Columba livia* e a *Columba oenas*.

A *Columba palumbus* é ave moi abundante en Galicia polo que pode atoparse espallada por toda crase de hábitats das nosas terras. Isto fai que sexa moi conocida pola xente do campo.

A *Columba livia* está presente en toda Galicia, pero sóio en hábitats moi concretos, tales como zonas costeiras con cantiles e no interior tamén en cantiles con covas e furnas. Desta especie derivan as distintas razas domésticas de pombas. Debido a isto existe certa confusión a nivel popular pra distinguilas, confusión que é estensiva á nomenclatura.

A *Columba oenas* é ave moi escasa en Galicia e está limitada ás zonas montañosas limítrofes con León e Zamora.

Temos catro denominacións principais pra este xénero, que son: POMBO e as súas variantes, TORCAZA e as súas, PALOMA BRAVA e as súas e ZURA e as súas; estes nomes fan alusión ás tres especies davanditas, pro como se amosra a continuación pode decirse que todas elas refírense á *Columba palumbus* xa que das tres é a única fácilmente identificable a nivel popular, mentras que a *Columba livia* ten dificultades de identificación por andar misturada moitas veces coa doméstica; en canto á *Columba oenas* anque atopamos citas bibliográficas que identifican algunha voz coela, nós coidamos que isto sóio é exacto se están tomadas nas zonas orientales da nosa terra, doutro xeito sóio se poderían referir á *C. palumbus* ou como moito á *C. livia*.

VARIANTES E DISTRIBUCIÓN

A continuación dámo-los diversos nomes conseguidos, postos en grupos, por familias. Cando se dea algunha coexistencia indicámola sóio pola primeira voz en aparecer sin facer nova mención nas seguintes.

GRUPO I a) e b)

Compoñen este grupo os nomes da familia POMBO, voz derivada da latina "palumbes" ou "palumbus", que ocupan unha extensión considerable, xa que aparecen en case a totalidade de Galicia a escepción do suroeste da provincia da Cruña, noroeste e quizáis sur e centro da de Pontevedra e o noroeste da de Ourense onde coesiste con outras formas.

a) POMBO: Documentao González nos puntos 1, 2, 17, 33, 211, 213, 214, 220, 407, 415, 432, 434, 435 e 603. Según o mesmo autor coesiste no punto 1 con PALOMA BRAVÍA; no 2 con PALOMA BRAVA, e no 415 e 435 con POMBA. Documentáno tamén Irmandades (s. v. palomino), Ríos e Valladares identificano ca *Columba palumbus*, O. Pedrayo cita o nome sin identificalo, Carré e Franco identificano co castelán "paloma torcaz" e Crespo (s. v. zurita) no punto 600. Nos nosos puntos 3, 4, 5, 6, 11, 13, 15, 20, 21, 23, 24, 29, 31, 32, 35, 36, 38, 39, 40, 41, 42, 46, 47, 49, 50, 51, 53, 66, 67, 68, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 83, 85, 87, 88, 89, 91, 92, 93, 94, 95, 96, 97, 98, 100, 101, 102, 103, 104, 201, 202, 205, 207, 208, 209, 210, 215, 216, 217, 219, 221, 222, 223, 224, 227, 228, 229, 230, 232, 233, 234, 235, 236, 237, 239, 240, 241, 242, 243, 245, 246, 247, 248, 249, 250, 252, 254, 256, 401, 402, 403, 405, 406, 409, 410, 411, 412, 413, 414, 417, 418, 419, 422, 424, 426, 427, 429, 430, 431, 433, 437, 439, 602, 604, 605, 607, 608, 609, 610, 611, 622, 623 e 632 foi sempre identificado como *Columba palumbus*. Coesiste con POMBA BRAVA no 20; con TORCASA, TURCASA e PALOMA BRAVA no 21; con PALOMA BRAVA nos puntos 23, 50, 254, 256 e 429; con POMBO BRAVO no 47; con TRUCAZA no 67; con POMBA no 201 e 222; con PALOMA TORCAZ no 409 e 414; con PALOMA BRAVA, PALOMA TORCAZ e PALOMA DO MONTE no 412; con PALOMA BRAVA e PIGARRO no 426; con TORCACIA no 437, e con TORGAZ no 217.

POMBO BRAVO: Documentado por Irmandades (s. v. zurita) e en Consejo Económico... onde se identifica como *Columba livia*. Nos nosos datos, puntos 12, 14, 16, 47 e 626. Coesiste no 12 con POMBA e no 626 con TORCAZA. Identificado como *Columba palumbus*.

b) POMBA: Documentao González nos puntos 7, 12, 201, 206, 222, 415, 421, 435 e 620. No punto 421 coesiste con TORCAZA e no 620 con TRUCAZA. Carré identifica co castelán "paloma" e "paloma torcaz", Franco co castelán "paloma", Ríos co castelán "palomo zurano" o *Columba livia* (Briss.), Fraguas cita esta voz pro non a identifica. Nós sóio temos un dato no punto 82 onde está identificado como *C. palumbus*. No resto das nosas enquisas o nome POMBA así como o de PALOMA sen outro específico foi referido sempre á doméstica.

POMBA BRAVA: Temos tres datos, puntos 8, 9 e 13.

POMBA MONTÉS: Documentaa Valladares identificándoa con *C. livia*.

GRUPO II

Compónse este grupo dos nomes da familia TORCAZA que se estenden polo suroeste da provincia da Cruña, noroeste e quizáis centro e sur da

de Pontevedra, onde sóio temos datos illados, e no noroeste da de Ourense onde coesiste case sempre con outras formas.

TORCAZA e as súas variantes aparécenos de dúas formas nas nosas enquisas: illada como un sustantivo ou facendo de nome específico do xenérico castelán “paloma”. Nunca nos apareceu co termo galego POMBA. A continuación damos as variantes desta familia acompañadas en segundo lugar do xenérico entre paréntese cando así foi dado. De todos xeitos coidamos cas formas que aparecen sin o xenérico deben referirse a PALOMA xa que nunca aparece referido ó xenérico POMBA.

Nos nosos datos foi identificado sempre coa *C. palumbus*.

TORCACIA: Unha información no punto 437.

TORCÁS: Aparece en González no punto 612 onde coesiste con TURCASA.

TORCÁS (PALOMA): Unha información no punto 633 onde coesiste con TORCASA e PALOMA TORCASA

TORCASA: Aparece en González no punto 21, dos tres datos nosos puntos 20, 633 e 83 coesiste neste último con TORCAZA e PALOMA BRAVA.

TORCASA (PALOMA): Un dato no punto 633.

TORCAZ: Un dato no punto 413. Está documentada polo P. Sarmiento.

TORCAZ (PALOMA): Dado por González no punto 412. Catro datos nosos nos puntos 634, 409, 414 e 605.

TORCAZA: Sete datos nos puntos 83, 421, 423, 601, 605, 619, 621 e 626.

TORGAZ: Documentada no punto 217 por Crespo (s. v. torcaz).

TROCACIA: Un dato no punto 420 onde coesiste con PALOMA BRAVA.

TRUCAZ: Documentada por Crespo (s. v. torcaz).

TROCAZA: Catro datos nos puntos 627, 628, 630 e 624, neste último coesiste con PALOMA BRAVA.

TRUCACIA (PALOMA): Un dato no punto 623.

TRUCASA: Cinco datos 45, 60, 65, 606 e 625.

TRUCASA (PALOMA): Un dato en 61.

TRUCAZA: Documentado por González no punto 620 e por Crespo (s. v. torcaz). Dous datos nosos nos puntos 67 e 635.

TRUCAZA (PALOMA): Un dato en 63.

TURCASA: González o documenta nos puntos 20, 21 e 612.

TURCASA (PALOMA): Un dato no punto 54 onde coesiste con PALOMA BRAVA.

TURCASIA: Un dato no punto 34.

TURCAZA: Un dato no punto 602.

Como se sabe a palabra PALOMA é un claro castelanismo, pro no tocante á VOZ TORCAZA e variantes coidamos que, a pesar de non estar rexistrada nos dicionarios consultados (ver bibliografía), é galega posto que o P. Sarmiento no seu “Catálogo de voces...” e baixo a forma de TORCAZ a dá como tal.

Esta familia de palabras é posible que faga referencia ás manchas verdes, vermellas e brancas, estas últimas moi visibles, en forma de TORQUES que ten a *Columba palumbus* no colo.

GRUPO III

Formamos este grupo ca voz xenérica PALOMA e as súas variantes específicas.

PALOMA BRAVA: Documentaa González no punto 2. Recollida por nós en vinte puntos 21, 23, 25, 26, 44, 50, 54, 55, 83, 86, 254, 256, 412, 420, 426, 429, 608, 615, 624 e 629.

PALOMA BRAVÍA: Documentada por González no punto 1.

PALOMA DO MONTE: Dous datos, puntos 412 e 62 onde está documentado por González.

Coesta familia ocorre algo similar ó que ocurría coa familia anterior, pois está formada polo nome xenérico PALOMA, claro castelanismo, e un específico claramente galego como é BRAVA que aparece adxetivando a numerosos nomes tanto na flora como na fauna galegas: porco bravo, laranxa brava, ortiga brava, etc.

GRUPO IV

Comprende este grupo dous nomes tomados de bibliografía.

SURA (POMBA): Documentada por Irmandades (s. v. paloma, paloma mansa) e por Franco ca identifica cas voces casteláns “paloma” e “paloma zurita”.

ZURA: Documentana Carré como a castelán “paloma mansa”, Franco dáa como as casteláns “paloma doméstica” e “paloma zurita” e Valladares dáa como *C. oenas*.

GRUPO V

Unha soia forma.

PIGARRO: Recollida no punto 426 onde coesiste con outras formas. Temos varias citas desta voz recollidas en diversas localidades pro somentes no punto devandito indica claramente referirse a unha colúmbida, concretamente á *C. livia*, mentras que as outras voces refírense a outras aves polo cal non se consideran no presente traballo.

CONCLUSIÓNS

De todo o espresado e con vistas á contribución da unificación do idioma, así como buscando unha nomenclatura “oficial” que sexa a máis representativa, sin escluir as outras, se propoñen os seguintes nomes pra estas aves:

Streptopelia turtur	RULA
Streptopelia decaocto	RULA TURCA
Columba palumbus	POMBO
Columba livia	POMBA BRAVA
Columba oenas	POMBA ZURA

Propoñemos prá *Streptopelia turtur* o nome de RULA por ser o máis entendido en Galicia. Prá *Streptopelia decaocto* o nome de RULA TURCA por

ser este o seu lugar de orixen e ó mesmo tempo o adoptado en varias linguas europeas. Damos á *Columba palumbus* o de POMBO por ser o máis xeralizado. Á *Columba livia* propoñemos o de POMBA BRAVA *que anque* en moitos casos refírese á *C. palumbus* en outros designa a aquela, coesto recolleemos unha voz viva pra evitar a creación dalgunha nova que non viría máis que a complicar a nomenclatura. Dámoslle á *Columba oenas* o nome de POMBA ZURA por tela xa documentada Valladares como tal aínda que sin o xenérico POMBA.

LISTA DE LOCALIDADES

A C R U Ñ A

- | | |
|--------------------------------|--|
| 1. Cariño (Ortigueira) | 44. Louro (Muros) |
| 2. Feás (Ortigueira) | 45. San Orente (Outes) |
| 3. S. Sadurniño | 46. Pontenafonso (Noia) |
| 4. Piñeiros (Narón) | 47. Noia |
| 5. Pontedeume | 48. Ames |
| 6. Dorofia (Vilarmaior) | 49. A Barcia (Santiago) |
| 7. Betanzos | 50. Ribeira de S. Lourenzo (Santiago) |
| 8. Brantuas (Ponteceso) | 51. Santiago |
| 9. Cospindo (Ponteceso) | 52. Arca (O Pino) |
| 10. Ponteceso | 53. Melide |
| 11. Laxe | 54. Xuño (O Son) |
| 12. Razo (Carballo) | 55. Lagoa Grande - Corrubedo (Ribeira) |
| 13. Rebordelos (Carballo) | 56. Ribeira |
| 14. Lemaio (Carballo) | 57. Carreira (Ribeira) |
| 15. Carballo | 58. Escarabote (Boiro) |
| 16. Artes (Carballo) | 59. Boiro |
| 17. Baio (Zas) | 60. Nine-Cespón (Boiro) |
| 18. Agualada (Coristanco) | 61. Taragoña (Rianxo) |
| 19. Dumbria | 62. Rianxo |
| 20. Fisterra | 63. Buxán (Rois) |
| 21. Mazaricos | 64. Dodro |
| 22. Suevos-Coiro (Mazaricos) | 65. Padrón |
| 23. Brandomil (Zas) | 66. Fixó-Calo (Teo) |
| 24. Santa Comba | 67. Cacheiras (Teo) |
| 25. Antes (Mazaricos) | 68. Ponte Ulla (Vedra) |
| 26. Eirón (Mazaricos) | 69. Touro |
| 27. Fontecada (Santa Comba) | 70. Novefontes (Touro) |
| 28. Paredes (A Baña) | 71. Capela |
| 29. Viladabade (Tordoia) | 72. Curiscada-Burres (Arzúa) |
| 30. Trazo | 73. Boente (Arzúa) |
| 31. Gundivo (Ordes) | 74. Cidadela (Sobrado) |
| 32. Abellá (Frades) | 75. O Coto-Leboreiro (Melide) |
| 33. Curtis | 76. Castañeda (Arzúa) |
| 34. Valladares (Outes) | 77. Mera (Ortigueira) |
| 35. Troitosende (A Baña) | 78. Camariñas |
| 36. Pontecalbar (Santiago) | 79. Ozón (Muxía) |
| 37. Chaián (Trazo) | 80. Ponte do Porto (Vimianzo) |
| 38. Quintáns-Berdia (Santiago) | 81. Outes |
| 39. Barciela (Santiago) | 82. Berdoias (Vimianzo) |
| 40. Budiño (O Pino) | 83. Os Muiños (Muxía) |
| 41. Capela (Toques) | 84. Muxía |
| 42. A Peregrina (Santiago) | |
| 43. Muros | |

- | | |
|------------------------------------|--|
| 85. Zas | 96. Os Fiaños-Figueira da Barranca (Cesuras) |
| 86. Lires (Cee) | 97. Lanzá (Mesía) |
| 87. Bidueiro-Grañas (Mañón) | 98. Sendelle (Boimorto) |
| 88. Ribeiras do Sor (Mañón) | 99. A Baña |
| 89. Recemel (Somozas) | 100. Frades |
| 90. Espasante (Ortigueira) | 101. Castriz (Santa Comba) |
| 91. Cedeira | 102. Sada |
| 92. Valdoviño | 103. Traba (Laxe) |
| 93. Luburiz-Bardaos (S. Sadurniño) | 104. Sobrado |
| 94. S. Xurxo de Moeche (Moeche) | |
| 95. As Travesas (Monfero) | |

L U G O

- | | |
|---|---|
| 200. | 231. Cervantes |
| 201. Ferreira do Valadouro | 232. Vilaesteba de Herdeiros (Láncara) |
| 202. Pontevedra | 233. Paradela |
| 203. Momán (Xermade) | 234. Sobrada (Outeiro de Rei) |
| 204. Vilalba | 235. Grolos (Guntín) |
| 205. Insua (Vilalba) | 236. San Martiño do Monte de Meida (Guntín) |
| 206. Cospeito | 237. Romeán (Lugo) |
| 207. Guitiriz | 238. Carraceira - Librán (Baleira) |
| 208. Rábada | 239. Meira |
| 208. Rábade | 240. Tuche-Reigosa (Pastoriza) |
| 209. Castro - Ribeiras de Lea (Castro de Rei) | 241. Lindín (Mondoñedo) |
| 210. Goberno (Castro de Rei) | 242. Parladoiro (Trabada) |
| 211. Proba de Burón | 243. Ribadeo |
| 212. Fonsagrada | 244. Foz |
| 213. Pereiramá (Castroverde) | 245. Burela (Cervo) |
| 214. Guntín | 246. Viveiro |
| 215. Fufín (Monterroso) | 247. San Cibrán (Cervo) |
| 217. Becerreá | 248. Alboios (Orol) |
| 218. Brigos (Chantada) | 248. Alboios (Orol) |
| 219. Bardaos (O Incio) | 249. Mosende (Orol) |
| 220. O Incio | 250. Muras |
| 221. Louzarella (Folgo do Courel) | 251. As Folgueiras - O Burgo (Muras) |
| 222. Pedrafita | 252. A Cerdeira - Momán (Xermade) |
| 223. Meiraos (Folgo do Courel) | 253. Escairón (Saviñao) |
| 226. Póboa do Brollón | 254. Seoane do Courel (Folgo do Courel) |
| 227. San Estebo de Ribas do Miño - Escairón (Saviñao) | 256. Moreda (Folgo do Courel) |
| 228. Samos | 257. Serra dos Ancares |
| 229. Seoane (Monforte) | |
| 230. Oural (Sarria) | |

O U R E N S E

- | | |
|--|---|
| 400. | 412. San Paio (Ribadavia) |
| 401. Cea | 413. Penavaqueira (Melón) |
| 402. Vieite (Leiro) | 414. Cartelle |
| 403. Astureses (Carballiño) | 415. Montederramo |
| 404. Moldes (Boborás) | 416. Raigada |
| 405. Trasalba (Amoeiro) | 417. Quintela de Edroso (Viana do Bolo) |
| 406. S. Miguel do Campo (Nogueira de Ramuín) | 418. Torán (Taboadela) |
| 407. Castro Caldelas | 419. Cantoña (Paderne) |
| 408. Barra do Miño (Ourense) | 420. Viñal (Gomesende) |
| 409. Leiro | 421. Ramirás |

- | | |
|-------------------------------------|--------------------------------------|
| 422. Acebedo do Río | 431. Nocelo do Val (Castrelo do Val) |
| 423. Celanova | 432. Gudiña |
| 424. Azoreiros (Rairiz da Veiga) | 433. Verín |
| 425. Serra do Invernadeiro | 434. Mezquita |
| 426. Viana do Bolo | 435. Vilardevós |
| 427. Xinzo de Limia | 436. Nogueira de Ramuín |
| 428. Ribeira Pequena (Invernadeiro) | 437. Melón |
| 429. Lovios | 438. Castrelo do Miño |
| 430. Carzoa (Cualedro) | 439. Muíños |

PONTEVEDRA

- | | |
|--|--|
| 600. Poio | 618. Goián (Tomiño) |
| 601. Couso (A Estrada) | 619. Caldelas de Tui (Tui) |
| 602. Foxo (A Estrada) | 620. Salvaterra do Miño |
| 603. Bandeira (Silleda) | 621. Nigrán |
| 604. Carboeiro (Silleda) | 622. Berredo (Golada) |
| 605. Vilanova de Arousa | 623. Meis (Cambados) |
| 606. S. Miguel de Deiro (Vilanova de Arousa) | 624. Serrapio (Cerdedo) |
| 607. Codeseda (A Estrada) | 625. Portonovo (Sanxenxo) |
| 608. Forcarei | 626. Troáns (Cuntis) |
| 609. Acibeiro (Forcarei) | 627. Tenorio (Cotobade) |
| 610. Lalín | 628. Vilalonga (Sanxenxo) |
| 611. Rodeiro | 629. Bousiña (Cambados) |
| 612. Cambados | 630. Campo Lameiro |
| 613. A Lanzada (O Grove) | 631. San Andrés de Vea (A Estrada) |
| 614. Illa de Ons (Bueu) | 632. Cortegada (Silleda) |
| 615. S. Adrián de Cobres (Vilaboa) | 633. Illa de Arousa (Vilanova de Arousa) |
| 616. Vigo | 634. A Cañiza |
| 617. Porriño | 635. Moaña |

BIBLIOGRAFÍA ¹

- AFONSO X O SABIO. *Cantigas de Santa María*, Edición de W. Mettman. Universidade de Coimbra, 1972.
- CONSEJO ECÓNOMICO SINDICAL INTERPROVINCIAL DEL NO. *Condiciones del Medio Natural*, Santiago, 1964.
- CRESPO POZO, J. *Contribución a un vocabulario Castellano - Gallego*, Madrid, 1963.
- FRAGUAS FRAGUAS, A. *Geografía de Galicia*, Porto y Cía. Ed. Santiago, 1953.
- OTERO PEDRAYO, R. *Guía de Galicia*, Librería y Ed. Sucesores de Galí, 2.^a ed., Santiago, 1945.
- SARMIENTO, Padre. *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, Edición de J. L. Pensado, Universidad de Salamanca, 1973.
- VALLADARES, Marcial. *Diccionario Gallego-Castellano*, Santiago, 1884.

JOSÉ M. PENAS PATIÑO
CARLOS PEDREIRA LÓPEZ

¹ Damos únicamente adiciones ó número anterior.